

PRESIDENTA:
DONA M^a VICTORIA ALONSO MÉNDEZ

VOGAIS:
DONA OLGA M^a GARCÍA BALLESTEROS
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL
DONA ANA MARIA MEJIAS SACALUGA
DONA ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ
DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ
D. SANTOS HECTOR RODRIGUEZ DIAZ
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ
D. JORGE CUBELA LÓPEZ
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
D. JAVIER TOURÍS ROMERO
D. IGNACIO MARIL PARDO
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA

**ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA
DA COMISION INFORMATIVA DE
IGUALDADE CELEBRADA O DIA 24 DE
XANEIRO DE 2022**

En Pontevedra, sendo as doce horas e vinte cinco minutos do día 24 de xaneiro de 2022, reúnense no Salón de Plenos da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Victoria Alonso Méndez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade.

Actúa como Secretaria, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Dona Lucia Muradas Arcay xefa do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 11 DE XANEIRO DE 2022.

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión extraordinaria celebrada o día 11 de xaneiro de 2022.

2. DAR CONTA DAS BASES DO PROGRAMA CONECTADAS 2022 (Expediente 2021063052)

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 19 de xaneiro de 2021, para dar conta as persoas asistentes a comisión informativa de Igualdade do contido das bases que regulan o programa Conectadas 2022, cuxo contido literal é o seguinte:

“A Deputación de Pontevedra convoca para o ano 2022 unha nova edición do programa “Conectadas”, que ten por finalidade contribuír a mellora da empleabilidade das mulleres e o seu mantemento no mercado de traballo, superar os malestares das mulleres derivados da desigualdade de xénero, e reducir a brecha dixital mediante a utilización da información e as novas tecnoloxías como ferramenta de uso na vida cotiá.



Para levar a cabo este programa o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases para regular a concesión de axudas que van destinadas a asociacións e federacións sen ánimo de lucro e fundacións que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres, que apoien o desenvolvemento das mesmas e da súa actuación, o empoderamento das mulleres e do seu tecido asociativo, e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de mulleres e homes.

Resultando que con data do 21 de decembro de 2021 o Secretario, informa as bases reguladoras do programa Conectadas para o exercicio 2022, entendendo que a posta en marcha deste programa está dentro das competencias coas que a Deputación desenvolve a súa actividade de fomento e dos intereses xerais da provincia. Atendendo o exposto no apartado 4 deste informe, dende o Servizo de Igualdade tivéronse en conta os apuntes recollidos coma suxestións e omisións expostas, sendo corrixidos para continuación do expediente.

Resultando que con data do 10 de xaneiro de 2022 Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para aprobación das citadas bases, e deixa constancia da existencia de crédito dispoñible por importe de 324.000,00€, para facer fronte ao gasto con cargo a aplicación orzamentaria 22/250.2315.227.07, na que existe un crédito retido mediante documento RC núm. 202200008320

Estas bases envíanse para a súa aprobación na sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra a celebrar o día 24 de xaneiro, posteriormente serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base Nacional de Subvencións.

Ditas bases reguladoras quedan redactadas da seguinte forma:

"BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "CONECTADAS" 2022

A igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis democrática, xusta e solidaria. O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de calquera discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero en todos os ámbitos da vida, concretamente nas áreas económica, social, laboral, cultural e educativa.

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel de todo o Estado español; na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; e no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, recóllese que os poderes públicos no marco das súas competencias incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de prever a violencia de xénero.



No artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo este ámbito competencial, a Deputación de Pontevedra, dentro do seu ámbito de actuación, ten entre os seus obxectivos a proposta e a execución das políticas de fomento en materia de igualdade e erradicación da violencia de xénero e a promoción de liñas de subvencións destinadas á realización de actividades e programas relacionados coa promoción e co desenvolvemento de accións que fomenten o principio de igualdade, de conformidade cos criterios de publicidade, concorrência e obxectividade.

Tendo en conta o anterior, convócase unha nova edición do programa "Conectadas" co obxectivo de potenciar a participación e a promoción das mulleres e favorecer as relacións interpersoais igualitarias, impulsando accións formativas e incorporando de maneira transversal os principios de igualdade, corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

A COVID-19 acentuou aínda máis as desigualdades de xénero, polo que a Deputación de Pontevedra está a poñer en marcha diferentes actuacións para favorecer a igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes, especialmente nas asociacións de mulleres.

Cando se fala de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes faise referencia á necesidade de garantir o acceso de todos os membros da sociedade á participación, sobre as bases da igualdade, nas distintas esferas e actividades.

Para que esta situación sexa real e efectiva a formación é un instrumento imprescindible. Un dos cambios máis destacados que experimentou a sociedade galega nos últimos anos foi no relativo á situación das mulleres. O seu nivel de formación constitúe un activo importantísimo para elas mesmas, para as empresas e para o conxunto da sociedade.

Co fin de potenciar o asociacionismo entre as mulleres, xa que precisamente son as asociacións, federacións e fundacións que teñen por obxecto favorecer as mulleres as que, coas súas actividades, poden incidir de forma directa na participación e na promoción destas na sociedade pontevedresa, a Deputación establece as bases reguladoras dunha nova edición do programa "Conectadas", ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, na ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, de acordo coas seguintes bases:

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Aprobar as bases reguladoras do programa "Conectadas" para o ano 2022, que ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias; contribuír a favorecer a súa empregabilidade e o seu mantemento no mercado de traballo; e reducir a fenda dixital mediante a utilización da información e as novas tecnoloxías.

Segunda. Entidades destinatarias

Este programa vai destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoien o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



As accións formativas estarán abertas a toda a poboación da provincia de Pontevedra, aínda que as mulleres terán preferencia. En caso de quedaren prazas vacantes poderán participar homes, ata un máximo do 25 % do total das prazas. As persoas participantes deberán ser maiores de idade ou, como mínimo, e de maneira excepcional ter os 16 anos feitos.

Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias aquelas nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Terceira. Alcance do programa

As entidades interesadas poderán escoller unha soa acción formativa do catálogo ofertado e aceptarán as obrigas que correspondan para cada unha delas. Ademais destas deberán cumprir o seguinte:

- Limpar adecuadamente e ventilar o espazo para cumprir coas medidas fundamentais para previr a expansión da COVID-19*
- Ter hidroxel, limpador desinfectante e papel en bobina á disposición das persoas participantes e do profesorado*
- Contar cunha aula adecuada (de non cumprirse deberán escoller outro obradoiro)*
- Dispor do material necesario (acondicionamento mínimo, ver catálogo)*
- Ter coñecementos mínimos (ver catálogo)*

Será responsabilidade da entidade e da súa xunta directiva garantir o cumprimento das medidas de protección da COVID-19 vixentes en cada momento. Así mesmo, a entidade non lles permitirá o acceso ou permanencia no local no que se desenvolva o curso ás persoas que non cumpran as medidas hixiénicas que dispoñan as autoridades competentes.

En caso de que non se cumpran as condicións marcadas polas autoridades competentes ou non se corrixan, a sesión ou curso deberase suspenderse ata que se dean as circunstancias idóneas.

Na elección da acción formativa deberán terse en conta as instalacións e os equipamentos dos que dispón a entidade e as súas características específicas, ademais do material que deberá levar o alumnado, tendo en conta o que recolle o catálogo para cada acción formativa.

A entidade proporcionará a súa sede ou un local de uso público para realizar o obradoiro. Este deberá contar cunha aula-obradoiro debidamente acondicionada, con espazo suficiente para desenvolver as actividades prácticas ou tarefas manuais, con ventilación natural, iluminación suficiente, electricidade e toma de auga. Esta aula deberá estar equipada, ademais, con mobiliario para a persoa docente e para as participantes do obradoiro (mesas e cadeiras).

Ao se adherir a este programa a entidade solicitante autorizará a Deputación a publicar na súa páxina web os datos de contacto e o lugar no que se levará a cabo o obradoiro e a incorporar a relación de persoas participantes aos ficheiros informáticos da institución provincial.

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros inscritos na Axencia Española de Protección de Datos coa finalidade de rexistrar a información das persoas que participan nos programas financiados pola Deputación.

Así mesmo, as entidades participantes autorizarán a obtención de imaxes das instalacións onde se levará a cabo a acción formativa escollida, co fin de poder verificar que o local cumpre as condicións óptimas para o correcto desenvolvemento do obradoiro.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento da actividade deberá comunicárselle inmediatamente ao Servizo de Igualdade da institución provincial para poder solucionala.



As entidades non poderán esixirlles ás persoas participantes ningunha cota ou contía económica. No caso de calquera reclamación ou queixa por este motivo, as entidades poden ser penalizadas coa prohibición de participaren en edicións posteriores.

Unha vez concedida a acción formativa e establecida a data de inicio, a entidade solicitante deberá enviarlle a relación definitiva das persoas participantes á empresa adxudicataria, como mínimo cunha semana de antelación respecto ao día de comezo marcado. Nesta relación figurarán os nomes e apelidos, o número de DNI e o teléfono de contacto de cada participante.

Cuarta. Condicións do programa

As accións formativas terán unha duración de 35 horas, repartidas entre dúas e tres horas semanais, e a entidade solicitante poderá escoller se estas se realizan no mesmo día ou en días alternos, dependendo das necesidades das persoas participantes. Estas horas semanais poderanse incrementar ata un máximo de cinco en caso de considerarse oportuno pola actividade que se vaia desenvolver.

Nos contidos de todas as accións formativas deberá incluírse de forma transversal o tratamento da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Ademais, impartirase un módulo de cinco horas de duración de sensibilización na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que se realizará como mínimo en dúas sesións.

Este módulo é obrigatorio, polo que as persoas participantes que non asistan non recibirán o diploma. Ademais, aquelas entidades que se neguen a realizala serán penalizadas e non poderán participar na vindeira edición do programa.

O número máximo de prazas por cada acción formativa establecerase no catálogo segundo a especialidade, e poderá variar entre quince e vinte persoas. Para levar a cabo calquera acción formativa será necesario reunir un mínimo de dez persoas (este número poderá variar segundo a situación sociosanitaria e as recomendacións das autoridades competentes). En caso de que se teña que reducir o número de persoas participantes debido ás restricións vixentes nese momento, farase atendendo a orde de inscrición.

De non reunir o mínimo esixido de participantes, a entidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Igualdade do organismo provincial e valorar as opcións existentes antes de anular o curso.

En caso de que se queiran ampliar as prazas debido á elevada demanda, a entidade poderá solicitarlo á Deputación sempre que as instalacións e o tipo de obradoiro o permitan.

A institución provincial levará a cabo estas accións formativas a través dunha empresa especializada na materia, responsable da execución, da coordinación e da avaliación do programa.

Os obradoiros deberán realizarse durante o ano 2022.

As actividades poderán suspenderse, cambiarse de data ou, incluso, cancelarse segundo a evolución da situación da pandemia e das disposicións aprobadas polas autoridades competentes.

Quinta. Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

A presentación electrónica será obligatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes dunha das anteriores. Se algunha destas persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica, coa concesión dun prazo de 10 días hábiles ao respecto. En todo caso, se tal emenda se efectuase fora do prazo de presentación de solicitudes, limitarase á presentación electrónica do previamente presentado presencialmente en papel, sen que podan engadirse



outros documentos ou rectificar os xa aportados. Isto sen prexuízo da emenda en xeral que, no seu caso, procedese de acordo coas bases ou segundo o art. 68.1 da Lei 39/2015

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal), e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Excepcionalmente, para minimizar os efectos da fenda dixital e facilitarlles ás asociacións o cumprimento das súas obrigas en aplicación da normativa específica, e en ausencia dos coñecementos e dos medios técnicos axeitados, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>, segundo o previsto no artigo 14.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de un (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da entidade solicitante
- NIF da persoa representante da entidade solicitante
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa institución provincial

En caso de que as persoas interesadas se opoñan a estas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Oitava. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa na que se especifiquen detalladamente as razóns polas que se solicita a actividade.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para quen teña esta obriga. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.



En caso de que algún dos documentos que se presenten de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

As persoas non obrigadas a presentar a solicitude electronicamente poderán facelo de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas realicen durante a tramitación deste procedemento presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que emende as faltas ou presente os documentos preceptivos nun prazo de dez (10) días hábiles e indicárselle que, en caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décima. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos, en todo caso cando as persoas interesadas estean obrigadas a recibilas por esta vía. As que non estean obrigadas deberán manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). As persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todos os casos por este método, sen que unha opción diferente sexa válida nin produza efectos no procedemento.

As notificacións electrónicas practícaranse a través de Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse como practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. Obrigas das persoas participantes

As persoas participantes serán responsables de levar os materiais esixidos en caso de que fose preciso para a realización da acción formativa escollida (ver catálogo), polo que é importante, á hora de elixir, ter en conta de que materiais deben dispoñer.

Mentres dure está situación excepcional provocada pola COVID-19 as persoas participantes, deberán cumprir todas aquelas medidas ditadas polas autoridades sanitarias competentes, deberán acudir ao curso con máscara e usarana obrigatoriamente durante o obradoiro, nos desprazamentos polo centro e no local onde se imparta a acción formativa. As máscaras deben hixienizarse ou cambiarse todos os días e as mans deben hixienizarse ao acceder á aula, onde a asociación ou entidade participante deberá ter dispoñible xel hidroalcohólico.

Non usar a máscara ou usala de xeito inadecuado será motivo de expulsión do curso.



Unha vez comezado o curso, será cada participante quen decida se quere ou non asinar a cesión de dereitos de imaxe que permite obter fotos durante a execución dos obradoiros para a difusión e a promoción do programa.

Unha vez rematada a acción formativa, entregaráselles un diploma acreditativo da boa execución e das horas de formación recibidas ás persoas participantes que cumprisen os requisitos de asistencia e entregasen previamente unha copia do DNI.

Estes diplomas poderán entregarse cando remate cada acción ou ao finalizar o programa. Neste último caso realizarase unha clausura e entrega conxunta dos diplomas ás diferentes entidades participantes.

Para obter o diploma non se poderá superar o 15 % de faltas inxustificadas nin o 25 % de faltas xustificadas.

Décimo segunda. Desenvolvemento das actividades formativas

A Deputación levará a cabo as accións formativas a través dunha empresa especializada na materia, responsable da execución, da coordinación e da avaliación do programa.

A empresa adjudicataria achegará en cada acción formativa os seguintes elementos:

- *O persoal docente coa titulación regulamentaria e con experiencia suficiente na categoría profesional oportuna*
- *Os materiais precisos para a boa execución da actividade (ver catálogo)*
- *Unha carpeta co programa, folios e un bolígrafo para cada participante*
- *Os manuais coa parte teórica*
- *Unha copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*

A empresa facilitaralle ao persoal docente un kit de hixiene con hidroxel e máscaras de reposto por se fosen necesarias.

En xeral as aulas deberán contar, segundo a acción formativa escollida, con equipamento audiovisual e informático. En caso de non contar con todo o equipamento mencionado terá que achegalo a empresa adjudicataria, sempre e cando exista a posibilidade de que permaneza instalado na aula durante o tempo que dure a actividade sen risco de que o manipulen persoas alleas.

A empresa adjudicataria será a responsable de coordinar coa presidencia da entidade o lugar onde se impartirá a acción formativa, do que deberá dispoñer a asociación. Tamén se encargará de solicitar a relación definitiva de persoas participantes e de realizar as comunicacións precisas para informar do día, da hora e do lugar de realización.

En caso de que non se cumpran as condicións marcadas polas autoridades competentes relativas á COVID-19 ou non se corrixan, a empresa deberá suspenderse a sesión ou o curso ata que se dean as circunstancias idóneas.

En caso de que, como mínimo, a metade do grupo precisase confinarse o curso suspenderase e retomarase rematado este período, sempre e cando as circunstancias o permitan.

Décimo terceira. Tramitación do procedemento

A instrución dos expedientes corresponderalle, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, ao Servizo de Igualdade e a adjudicación, á Xunta de Goberno.

No caso de que o número de solicitudes exceda o número de accións formativas ofertadas terase en conta o rexistro de entrada daquelas que estean debidamente cubertas e que tamén acheguen a documentación esixida no prazo estipulado, e terán prioridade as entidades de mulleres.



Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requiriráselle á entidade interesada que, nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, de non presentalos, se considerará desistida a súa petición.

Décimo cuarta. Orzamento

A contía consignada para o programa "Conectadas", que se regula nesta convocatoria, ascende para o ano 2022 a trescentos vinte e catro mil (324.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 22/250.2315.227.07 do Orzamento ordinario da Deputación.

A institución provincial establece a convocatoria das accións formativas do programa "Conectadas", no marco de actividades para mulleres, ofertando inicialmente un total de 220, que poderán incrementarse con base no prezo definitivo da empresa adxudicataria.

No suposto de que as accións ofertadas nesta convocatoria non quedasen cubertas, o organismo provincial poderá abrir unha nova convocatoria.

Décimo quinta. Publicidade

Débase facer constar a organización e a colaboración da Deputación de Pontevedra mediante a inclusión da súa imaxe institucional en toda a publicidade que se elabore, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (LXS).

Para as posibles consultas relacionadas con este tema está dispoñible o enderezo de correo electrónico comunicacion@depo.gal.

Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral, dada a publicación de actos prevista no punto noveno.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo sétima. Prazo de vixencia

Este programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022, prazo que poderá ampliarse para a súa adecuada execución.

Décimo oitava. Lexislación aplicable

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)*
- *Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS*



- *Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*
- *Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*
- *Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade*
- *Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local*
- *Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*
- *Bases de execución do vixente Orzamento provincial*
- *Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra"*

3. DAR CONTA DA ACTA DO XURADO DA VI EDICIÓN DOS PREMIOS SOFÍA NOVOA ORTIZ (Expediente 2021042821)

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 19 de xaneiro de 2021, para dar conta as persoas asistentes á comisión informativa de Igualdade da acta do xurado da VI edición dos premios Sofía Novoa Ortiz, cuxo contido literal é o seguinte:

"A Deputación de Pontevedra, dentro das súas múltiples liñas de actuación no eido da igualdade, quere potenciar a realización de traballos de fin de grao e fin de máster realizados na Universidade de Vigo, nos campus de Vigo e de Pontevedra nos que se integre unha perspectiva de xénero.

A deputada delegada na Área de Igualdade desta Deputación, mediante resolución presidencial núm. 2021005585, de 27 de setembro de 2021, aprobou as bases reguladoras da VI edición dos premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster.

Resultando que con data 29 de setembro de 2021 se publican no BOPPO nº188 as bases desta VI edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz, presentándose a dita convocatoria as seguintes solicitudes:

- 7 solicitudes para a convocatoria de traballos de fin de grao.
- 6 solicitudes para a convocatoria de traballos de fin de máster.

De conformidade coa cláusula décima das bases reguladoras da VI edición dos premios Sofía Novoa Ortiz, nomease mediante resolución presidencial núm. 2021006882 de 19 de novembro de 2021, as persoas integrantes do xurado encargado de emitir o fallo. Dito xurado reúnese o 17 de decembro de 2021 co obxectivo de seleccionar os traballos presentados ós premios convocados, e deliberar os traballos premiados da VI edición dos premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster.



Rematada a reunión, a Secretaria do xurado emite a Acta que é do seguinte teor:

“ACTA DO XURADO DA VI EDICIÓN DOS PREMIOS SOFÍA NOVOA ORTIZ

1. Na sala de Comisións desta Deputación Provincial, ás dez horas e cinco minutos do día 17 de decembro de 2021, reúnense as persoas integrantes do xurado nomeado para emitir o resultado da VI Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster; presidido por Lucia Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra; vogais: Maria A. Lorenzo Rial, didáctica das ciencias experimentais na Facultade das Ciencias da Educación e do Deporte. Universidade de Vigo, campus de Pontevedra; Silvia Pérez Freire, profesora na Facultade de Ciencias da Educación e do Traballo Social, Universidade de Vigo, campus Ourense; Miriam Raposeiras Roubín, redactora xefa do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra; e actuando como secretaria Ana Isabel Amoedo Garrido, técnica do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra

2. Relación de solicitudes presentadas á convocatoria

No BOPPO núm. 188 de 29 de setembro de 2021, publicáronse as Bases reguladoras da VI Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster.

A esta convocatoria presentáronse un total de seis solicitudes para os Traballos de Fin de Máster e sete solicitudes para os Traballos de Fin de Grado.

3. Relación de traballos presentados á convocatoria da VI Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos Traballos de Fin de Grao e Fin de Máster

TRABALLO FIN DE GRADO

- *Me cago en Ros*
- *Planes de Igualdad como medida imprescindible en el ámbito laboral*
- *A perspectiva de xénero nas aulas de educación primaria cun enfoque baseado en proxectos*
- *¿Dulce Hogar?*
- *Introversión á materia: Plasticidade como medio á conservación dun lugar asentado no olvido*



- *Lactación materna e as súas repercusións na saúde mental da nai*
- *Convite ao avecer*

TRABALLO FIN DE MASTER

- *Traballar a publicidade nas aulas con perspectiva de xénero*
- *A paridade na representación política da muller nos concellos clasificados como zonas pouco poboadas da Provincia de Pontevedra*
- *Gender Queer e a necesidade de especialización para traducir textos LGTB+: O caso das identidades non binarias*
- *Las Sinsombrero: voces silenciadas de la Generación del 27*
- *Innovación docente na aula de inglés: proposta de actividades para a inclusión das TIC e da perspectiva de xénero*
- *Potencialidad del proyecto Red de Eco Huertas Escolares para incorporar los Objetivos del Desarrollo Sostenible en la Educación Primaria*

1. Análise dos 7 Traballos de Fin de Grado presentados á convocatoria

TITULO DO TRABALLO	PUNTUACIÓN
<i>Me cago en Ros</i>	IDENTIFICADA
<i>Planes de Igualdad como medida imprescindible en el ámbito laboral</i>	INCOMPLETO
<i>A perspectiva de xénero nas aulas de educación primaria cun enfoque baseado en proxectos</i>	80
<i>¿Dulce Hogar?</i>	IDENTIFICADA
<i>Introversión á materia: Plasticidade como medio á conservación dun lugar asentado no olvido</i>	Non perspectiva de xénero
<i>Lactación materna e as súas repercusións na saúde mental da nai</i>	Non perspectiva de xénero
<i>Convite ao avecer</i>	97



2. Análise dos 6 Traballos de Fin de Máster presentados á convocatoria

TITULO DO TRABALLO	PUNTUACIÓN
<i>Traballar a publicidade nas aulas con perspectiva de xénero</i>	82
<i>A paridade na representación política da muller nos concellos clasificados como zonas pouco poboadas da Provincia de Pontevedra</i>	95
<i>Gender Queer e a necesidade de especialización para traducir textos LGTB+: O caso das identidades non binarias</i>	50
<i>Las Sinsombrero: voces silenciadas de la Generación del 27</i>	85
<i>Innovación docente na aula de inglés: proposta de actividades para a inclusión das TIC e da perspectiva de xénero</i>	IDENTIFICADA
<i>Potencialidad del proyecto Red de Eco Huertas Escolares para incorporar los Objetivos del Desarrollo Sostenible en la Educación Primaria</i>	IDENTIFICADA

Tras a valoración de cada un dos traballos presentados a esta convocatoria e tendo en conta os criterios de valoración sinalados na base décima das bases reguladoras da VI edición dos premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster, as persoas integrantes do xurado acordan a concesión dos seguintes premios:

TRABALLOS DE FIN DE GRADO

APELIDOS E NOME	DNI	TÍTULO	PREMIO
Nuria Ferreiro Amoedo	77482362P	<i>Convite ao avecer</i>	1.000 €
Carla Souto García	35489592V	<i>A perspectiva de xénero nas aulas de educación primaria cun enfoque baseado en proxectos</i>	1.000 €



TRABALLOS DE FIN DE MÁSTER

APELIDOS E NOME	DNI	TÍTULO	PREMIO
Marta Caldas Fariña	44075084T	<i>A paridade na representación política da muller nos concellos clasificados como zonas pouco poboadas da Provincia de Pontevedra</i>	1.000 €
Tania Souto Rodal	39487254A	<i>Las Sinsombrero: voces silenciadas de la Generación del 27</i>	1.000 €
Andrea Pérez Cambeiro	35489333B	<i>Traballar a publicidade nas aulas con perspectiva de xénero</i>	600 €

Sen máis asuntos que tratar dáse por concluída a reunión, ás 11:35 horas do día indicado, do que eu, como secretaria, dou fe”.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e trinta minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

